

BELÉN VILLAR GONZÁLEZ voceira do PP de Ponteareas, **ANDRES SAMPEDRO**, **SILVIA FERNÁNDES**, **FRANCISCO REPRESAS** e **LINA LIMERES** concelleiros polo grupo do Partido Popular, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentamos ante ese Pleno Corporativo a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno ordinario celebrado en novembro de 2019 o grupo do Partido Popular presentou unha Moción na que pedía ao Goberno local que para aquelas obras que son de interese xeral como as que acometen as asociacións de traidas de auga, asociacións de veciños, as dos centros culturais, etc., se lles aplicase unha bonificación do 95%, tal e como sucede no ICIO, á **“Taxa por ocupación de vía pública”** e á **“Taxa por apertura de gabías”** que lles supoñen a estes colectivos, sen ánimo de lucro, soportar unha partida económica a desembolsar moi importante. E tamén, que se lles reduxese o importe e o prazo esixido da **garantía (fianza)** da obra para que o desembolso por ese concepto fose menor.

No Pleno ordinario de decembro de 2020, voltamos a pedir ao Goberno explicacións sobre cómo estaba a tramitación e modificación das ordenanzas relativas á **“Ocupación de vía Pública”**, **“Apertura de Gabías”**, **“Fianzas”**, e calquer outra que afecte as obras que poden realizar estes e outros colectivos sen ánimo de lucro.

En marzo de 2021, a situación destas Taxas que deben pagar os Colectivos veciñais, traidas de auga, asociacións de veciños, etc, segue a ser a mesma, co cal continúan pagando, tanto polo aval como en concepto de taxas, varios importes que lle supoñen a diminución da capacidade que teñen para facer mais obra. Así como a situación pouco entendible que se produce ao ter que destinar parte dos cartos que obteñen de subvención a pagar impostos ao propio Concello.

Por todo isto, dende o grupo municipal do PP presentamos o seguinte **ROGO** no que solicitamos:

1. Que o Goberno local tramite a modificación das ordenanzas municipais que gravan a apertura de gabías (zanjas), a ocupación de vía pública, e calquera outra taxa que se liquide durante o trámite de concesión de licencias de obras, sempre que estas sexan realizadas por unha asociación ou colectivo veciñal sen ánimo de lucro en beneficio dos seus asociados, para que se bonifiquen nun 95% estas taxas que se lles requiren.

Ponteareas, a 9 de marzo de 2021



Asdo: Belén Villar González

ATT: PLENO MUNICIPAL CONCELLO DE PONTEAREAS